



Inicio » Xornal da USC » Nova

O historiador Francisco Espinosa presentou en Santiago o seu último libro *Callar al mensajero*

Reivindica nel o dereito a investigar nos feitos que se sucederon tras o Golpe de Estado de 1936

• Actualizada o Xoves, 22 de outubro de 2009 ás 14:12

O historiador extremeño Francisco Espinosa Maestre (Villafranca de los Barros, Badajoz, 1954) presentou este xoves na Facultade de Xeografía e Historia da USC o seu último libro, *Callar al mensajero* (Península, 2009), nun acto organizado polo Proxecto de Investigación Interuniversitario 'Nomes e Voces'.

O acto, presentado e moderado polo catedrático de Historia Contemporánea e investigador principal do Proxecto Lourenzo Fernández Prieto, contou ademais coa presenza do historiador e coordinador do Proxecto 'Nomes e Voces', Dionisio Pereira, protagonista dun dos episodios que Espinosa recolle no seu libro que trae a primeiro termo a cuestión da recuperación da memoria da represión franquista e o dereito dos estudosos a investigar nos feitos que se sucederon tras o Golpe de Estado de 1936.

Francisco Espinosa

Francisco Espinosa Maestre é historiador e doutor en Historia, ademais de coordinador científico do Proxecto en rede para a consulta de represaliados polo franquismo 'Todos los Nombres' de Andalucía (<http://www.todoslosnombres.org>).

A súa obra *Callar al mensajero* preséntase como o último traballo dunha longa traxectoria dedicada á investigación da República, do Golpe de Estado de 1936 e da represión franquista no suroeste, traducidas en moitos artigos e publicacións entre os que destacan *La guerra civil en Huelva* (Diputación de Huelva, 1996), *La justicia de Queipo* (Crítica, 2000), *La columna de la muerte* (Crítica, 2003), *El fenómeno revisionista o los fantasmas de la derecha española* (Del Oeste Ediciones, 2005), *Contra el olvido* (Crítica, 2006) e *La primavera del Frente Popular* (Crítica, 2007).



Versión ampliada da imaxe

© USC